



Campus  
universitario  
32004 Ourense  
España

Tel.98368700

dereito.uvigo.es  
sdefdo@uvigo.es

## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2024

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 24 de setembro de 2024 e da reunión extraordinaria do 16 de outubro de 2024.
2. Ratificar o acordo de tribunal designado para a proposta de concesión do Premio Extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que rematou os seus estudos no curso académico 2023/2024.
3. Ratificar a listaxe de materias optativas do Grao en Dereito e do PCEO consonte ao aprobado na PDA para o curso 2025/2026.
4. Adaptar os códigos das materias do Grao en Dereito e PCEO na listaxe de materias e departamentos aprobada para o curso 2025/2026.
5. Aprobar a listaxe provisoria de asignación de titoras/es para a realización do Traballo de Fin de Grao en Dereito do curso académico 2024-2025.
6. Aprobar a modificación do modelo de solicitude para a proposta temática do Traballo de Fin de Grao para incorporar o título provisorio en castelán, galego e inglés.
7. Asignar, por orde alfabética, entre o profesorado titor con menor número de traballos, a titorización no caso de que se reciban solicitudes para a asignación de persoa titora fóra de prazo.
8. Delegar na Sra. Decana a corrección de calquera erro formal ou material que se detecte na listaxe provisoria de asignación de titoras/es para a realización do Traballo de Fin de Grao en Dereito do curso académico 2024-2025.

Ourense, 29 de novembro de 2024  
A SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup>Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.